

PROGRAMA DE ACOLLIDA DO CEIP DE FIGUEIROA

CURSO 2020-2021

1. INTRODUCCIÓN

A continuación desenvolvemos o Plan de Acollida do noso centro para o presente curso, tendo en conta o contexto epidemiolóxico no que nos atopamos e seguindo as Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas a adoptar no curso 2020-2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

O plan ten como finalidade:

- Estruturar as accións necesarias para recibir ao alumnado que se viu afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial en marzo.**
- Dar a coñecer as normas de organización e funcionamento do centro para o desenvolvemento deste curso.**
- Formar á comunidade do centro nas actuacións de prevención, hixiene e protección que debemos poñer en práctica e que están recollidas no Protocolo de Adaptación ao contexto da COVID-19 do centro.**
- Deseñar e plasmar as actividades formativas que se prevén desenvolver co alumnado para a mellora da súa competencia dixital en prevención de que parte do curso poida volver ser non presencial.**
- Recoller e difundir as actividades que consideramos necesario realizar para a atención dos aspectos sociais e emocionais que permitan cohesionar os grupos de alumnado.**

2. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE ACOLLIDA

- Garantir a seguridade no regreso ás aulas de toda a comunidade educativa.**
- Difundir as normas de organización e funcionamento do centro recollidas no Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid 19.**
- Establecer unha comunicación continua e fluída coas familias que favoreza a adaptación de toda a comunidade ás novas normas.**
- Formar ao alumnado e á comunidade educativa na importancia de respectar as medidas xerais de protección colectiva: distanciamento físico, utilización de máscara e hixiene de mans.**
- Adquirir habilidades sobre as medidas xerais de protección colectiva marcadas polos principios sanitarios básicos: desprazamentos dentro do centro, saídas e entradas, baixadas ao patio, saída aos aseos, etc.**
- Deseñar e desenvolver actividades que permitan a introdución e adopción das normas de maneira cotiá como garantía de seguridade.**
- Acoller ao alumnado e as familias potenciando actividades que reforcen o grupo e atendendo ás distintas situacións vividas.**
- Incorporar accións formativas para a mellora da competencia dixital establecendo pautas en prevención do desenvolvemento da modalidade de ensino non presencial.**
- Incorporar actividades relacionadas coas necesidades de acompañamento, apoio e reforzo de contidos curriculares derivados da situación creada, e que serán recollidas nas programacións de nivel, de acordo coas instrucións do 30 de xullo de 2020**
- Realizar actividades de xestión emocional conducentes a tratar os efectos emocionais negativos derivados do confinamento.**

3. CALENDARIO DO PLAN DE ACOLLIDA.

As actuacións que recolle este plan rexeranse polo seguinte calendario:

CANDO	QUEN	QUE
2^a quincena	Elaboración do Protocolo de Adaptación ao	Medidas de carácter organizativo. Medidas de carácter formativo e pedagóxico.

de agosto	contexto da COVID 19 NO CENTRO.	Revisión a finais de agosto principios de setembro se hai cambios enviados dende a Administración.
31 de agosto	Reunión do equipo Covid do centro para análise de protocolo antes da presentación á Comunidade Educativa.	Información e valoración do proxecto que se presenta á Comunidade Educativa. Análise dos cambios introducidos pola Consellería e adaptación dos mesmos.
2 de setembro	Presentación do Protocolo do Centro ao Claustro.	Presentación e recollida de propostas por parte do Claustro para valoración e incorporación ao Protocolo.
2-10 de setembro	Tempo para coñecemento por parte da Comunidade Educativa do Protocolo. Durante este período realizaranse reunións por equipos, coas familias, ANPA, responsables de comedor e transporte.	Difusión do protocolo para coñecemento do mesmo por parte de toda a comunidade. Organización de reunións. Distribución de folletos informativos. Elaboración de normas da aula. Posible formación por parte dos responsables do Equipo COVID do centro sanitario de A Estrada. Encontros coas familias por cursos que serán realizados fóra no patio os días: <u>3 de setembro:</u> 4º de INFANTIL 5º DE INFANTIL 6º DE INFANTIL 1º DE ED. PRIMARIA 2º DE ED. PRIMARIA <u>7 de setembro:</u> <u>3º e 4º de ED. PRIMARIA</u> <u>8 de setembro:</u> <u>5º e 6º de ED. PRIMARIA</u> Estas reunións celebraranse seguindo as medidas de seguridade de distanciamento social precisas e tomando nota dos asistentes e da súa colocación no encontro. En algunha das sesións nos acompañara D ^a

		Eva García, médico pediatra que forma parte do Equipo Covid do centro de Saúde de A Estrada e que estará en permanente contacto co Equipo Covid do centro.
Xoves, 10 de setembro	Día de acollida dos alumnos dos cursos de 4º e 5º de Ed. Infantil e 1º, 2º e 3º de Ed. Primaria Realización de actividades conducentes a familiarizarse coa nova maneira de relacionarse no colexio.	Día de formación para este alumnado en: Entrada seguindo as normas xa coñecidas polas familias. Difusión e práctica das normas específicas que todos e todas debemos coñecer e respectar. A chegada ao colexio. Normas de hixiene e educación sanitaria que deben respectar no centro. A entrada na aula e a colocación no pupitre. Normas a cumprir nos desprazamentos dentro do centro: ir ao baño, baixar a Ed. Física, etc. Coñecemento dos espazos a empregar e como debe ser o seu uso. O patio de recreo. Colocación, uso e recollida do material persoal. A saída do colexio. Acceso ao comedor e ao transporte. Actividades de acollemento de novos alumnos ou alumnas presentando o centro e actividades de benvinda. Os de 4º de Ed. Infantil iniciarán o Período de Adaptación do centro.
Venres, 11 de setembro	Día de acollida dos alumnos dos cursos 6º de Ed. Infantil e 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria, que se unen aos anteriores. Realización de actividades conducentes a	Día de formación deste alumnado en: Entrada seguindo as normas xa coñecidas polas familias. Difusión e práctica das normas específicas que todos e todas debemos coñecer e respectar. A chegada ao colexio. Normas de hixiene e educación sanitaria que deben

	<p>familiarizarse coa nova maneira de relacionarse no colexio.</p>	<p>respectar no centro.</p> <p>A entrada na aula e a colocación no pupitre.</p> <p>Normas a cumprir nos desprazamentos dentro do centro. Por exemplo, ir ao baño, baixar a Ed. Física, etc.</p> <p>Coñecemento dos espazos a empregar e como debe ser o seu uso.</p> <p>O patio de recreo.</p> <p>Colocación, uso e recollida do material persoal.</p> <p>A saída do colexio. Acceso ao comedor e ao transporte.</p> <p>Actividades de acollemento de novos alumnos ou alumnas presentando o centro e actividades de benvida.</p> <p>No caso dos alumnos que inician primaria recibimento por parte das titoras de Infantil, acollemento e acompañamento de cambio de espazo con despedida da etapa anterior (Entrega de orlas), etc.</p>
<p>Semana do 14 ao 18 de setembro</p>	<p>Seguimento exhaustivo, continuo e vixiante do protocolo.</p>	<p>Actividades de formación e recordo continuas e cotiás conducentes a que todo o centro respecte e incorpore as normas do Protocolo que nos permitirán levar a cabo a ensinanza presencial neste curso. Tamén faremos adaptacións se as consideramos precisas segundo vexamos que as entradas e saídas se realizan ben.</p>

4. ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN

4.1 NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Recollidas exhaustivamente no Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 do noso centro podemos resumilas nas seguintes actuacións:

- Comunicación a toda a Comunidade Educativa das normas de funcionamento recollidas no Protocolo COVID 19 do centro.**
 - ✓ **Claustro de profesorado.**
 - ✓ **Persoal Laboral non docente.**
 - ✓ **Consello Escolar.**
 - ✓ **Familias.**
- Entrada gradual do alumnado seguindo o Protocolo do centro e habilitando unha franxa máis ampla así como sinalizacións e controis precisos para que se leve a cabo de maneira adecuada.**
- Formación no coñecemento das normas de funcionamento do centro para o alumnado:**
 - a) **Entrada ao centro.**
 - b) **Saída do centro.**
 - c) **Desprazamentos no interior do centro para acudir á Educación Física, saír ao cuarto de baño, uso de elevador no caso de necesidade e realización do recreo.**
 - d) **Normas de hixiene e protección dentro da aula.**
 - e) **Normas de hixiene e protección nos espazos comúns.**
 - f) **A preparación da saída.**
 - g) **Saída do centro.**

4.2 ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

- Organización dentro da aula e procedemento a seguir nos cambios de clase.**
 - a) **Espazo a ocupar por cada alumno/a.**
 - b) **Uso dos colgadoiros dos abrigos.**
 - c) **Tratamento dos materiais.**
 - d) **Procedemento a seguir dentro da clase.**

□ **Organización nos espazos comúns.**

- a) **Forma de realizar os desprazamentos. Seguir as marcacións realizadas nos accesos e corredores respectando sempre a distancia de seguridade.**
- b) **Uso de máscara. Cando e como usala. Como quitala e gardala.**
- c) **Normas de hixiene: sonarse, desbotar o pano de man empregado, tusir, esbirrar no cóbado, etc.**
- d) **Desinfección por parte do mestre ou da mestra das zonas e materiais comúns antes de abandonar a aula.**
- e) **Aireación da aula cada 50 minutos a cargo do profesor ou profesora que imparte a clase. Obrigatorio 15 minutos ao comenzar a clase, durante o recreo e á saída.**
- f) **Facer hixiene de mans cada vez que sexa necesario e sempre ao chegar á aula.**
- g) **Mantemento das portas abertas para evitar tocar continuamente a fechadura.**
- h) **Mantemento dun ton medio de voz que evite que as gotas producidas ao falar se dispersen. No caso de que algún alumno ou alumna teña que expoñer oralmente en fronte do resto da clase terá que poñer máscara.**

4.3 ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL, OU DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

□ **Accións formativas que competen ao centro:**

- a) **Organización das aulas virtuais para todos os cursos a partires de terceiro. Os cursos de 5º e 6º (especialmente 5º) recibirán formación en E-Dixgal xa que os alumnos e alumnas deste curso comezan este**

curso co ordenador. Farase unha reunión tamén coas familias para explicar o seu uso.

- b) Valoración da creación de aulas virtuais para os cursos de Educación Infantil e 1º e 2º curso de Educación Primaria.
- c) Uso de SNAPPET. Formarase no seu uso ao alumnado e ao profesorado que o emprega por primeira vez.
- d) Deseño de outras posibilidades de atención ao alumnado de Educación Infantil e de 1º e 2º, recollendo as experiencias do curso anterior que resultaron positivas e desbotando aquelas que non deron o resultado esperado.
- e) Verificar a situación na que se atopa cada familia de cara a posibilidade dunha ensinanza non presencial. Verificar contactos actualizados tanto de correos electrónicos coma de teléfonos (ESPAZO ABALAR).

□ Accións formativas que competen ao equipo de nivel:

- a) Diseñar na programación anual de nivel como se desenvolverá a ensinanza non presencial, tendo en conta as características das familias.
- b) Recoller este plan de actuación na Programación e comunicarllo ás familias.
- c) Acordar estratexias de atención coordinadas por parte do profesorado que imparte en cada curso.

□ Accións formativas levadas a cabo polo profesorado interesado:

- a) Solicitar formación adecuada ás necesidades que presente o claustro a través do CFR ou da oferta presentada pola Administración Educativa para este curso.
- b) Solicitar formación ao Equipo Sanitario da nosa área.

4.4 REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN PARA A ATENCIÓN DOS ASPECTOS

EMOCIONAIS E SOCIAIS DO ALUMNADO.

- **Na chegada ao centro**
 - a) **No mes de setembro levaranse a cabo dinámicas de grupo que axuden ao alumnado a xestionar as emocións que viviron durante o confinamento: medo, preocupación, dor etc. animando a que se expresen e compartan as súas experiencias.**
 - b) **Deseño de xogos grupais que non supoñan contacto físico entre eles e favorezan o coñecemento mutuo entre os alumnos e alumnas da mesma aula, prestando máis atención ao alumnado novo no centro ou no caso de haber repetidores.**
 - c) **Emprego de metodoloxías participativas baseadas na comunicación e no diálogo que favorezan a expresión dos seus sentimentos e emocións.**
 - d) **Creación de sentimento de pertenza ao centro e á comunidade escolar realizando actuacións como a entrega da revista realizada o ano pasado e a entrega de orlas para os de primeiro curso de Ed. Primaria. Esta entrega leváranas a cabo as titoras de Ed. Infantil, que será quen os reciban no centro.**

- **Durante o curso**
 - a) **O profesorado deberá ser un modelo de xestión da situación invertendo tempo e dedicación na adquisición por parte do alumnado das habilidades necesarias para convivir de forma segura no contexto da COVID 19, transmitíndolles as normas e protocolos que deben cumprir e coidando que a súa execución sexa a correcta.**
 - b) **O profesorado traballará valores como a responsabilidade individual, o coidado da saúde, a solidariedade e o restablecemento de vínculos afectivos dentro das aulas.**
 - c) **A Educación para a saúde, a Formación en Competencia Dixital, as Emocións e o coidado do Medio Ambiente recibirán atención especial en todos os niveis.**